

III CONCURSO PARA A CREACIÓN DO CARTEL OFICIAL DAS XORNADAS DE TECNOLOXÍA DE GALICIA



A Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia (APETEGA) convoca o concurso para o deseño do **cartel anunciador das IX Xornadas de Tecnoloxía de Galicia**.

Con este concurso, e por terceiro ano consecutivo, preténdese involucrar ao alumnado galego de ESO e Bacharelato nas actividades que realiza APETEGA, así como fomentar o traballo nas aulas dos contidos de deseño gráfico e manexo das TIC.

BASES

- **Destinatarios:** Alumnado de ESO e Bacharelato dos centros educativos de Galicia. Cada participante só poderá presentar un único traballo.

- **Tema:** O deseño do cartel debe servir para anunciar a celebración das IX Xornadas de Tecnoloxía de Galicia. Deberá incluír o seguinte texto:

IX Xornadas de Tecnoloxía de Galicia
24 e 25 de abril de 2009
IES Otero Pedrayo - Ourense
APETEGA
www.apetega.org

e algún dos logos de APETEGA que se poden descargar de:

<http://www.apetega.org/IXxornadas/concurso-carteis/logos>

- **Formato:** o cartel poderase realizar en calquera dos seguintes formatos:
PDF, ODF, SVG, PNG, GIF, JPG, BMP, TIFF.

- **Presentación de traballos:** Os traballos deberán ser enviados como arquivo adxunto á dirección xornadas@apetega.org polo profesor de Tecnoloxía do centro do alumno ou alumna participante. No correo indícarase o centro, o nome do profesor e o nome e curso do autor.

- O **prazo de presentación** dos traballos remata ás 22:00h do día 6 de febreiro de 2009.

- **Premio:** Outorgarase un único premio ao cartel gañador do concurso consistente en material electrónico/informático valorado en **150.-€**. O traballo gañador quedará en poder de APETEGA que poderá facer de el o uso que considere oportuno (publicar, expoñer,...).

- **Xurado:** O xurado estará composto por profesorado de Tecnoloxía. O xurado poderá declarar deserto o premio se ao seu xuízo ningún traballo reúne os requisitos axeitados. O fallo do xurado será inapelable. O fallo farase público na segunda quincena de febreiro de 2009 a través da web da asociación: www.apetega.org.

- **Criterios de selección:** Valorarase a orixinalidade e o deseño así como a relación co tema da convocatoria. Os traballos deben ser inéditos e non estar premiados noutros concursos.

- **Normas finais:** O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por todos os concursantes das presentes bases; motivo polo cal non poderán impugnalas unha vez formalizada a presentación. O incumprimento das mesmas determinará a exclusión automática do concurso. Os concursantes reponsabilizaranse totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe. Calquera situación non prevista nestas bases será resolta polo xurado na forma que considere conveniente.

Santiago de Compostela, a 11 de xaneiro de 2009